

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catro de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1036).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

2(1037) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “OFICINA TRIBUTARIA VIRTUAL E CARPETA DO CIDADÁN” E SOLICITUDE DE

SUBVENCIÓN AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. EXPTE. 7522/113.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe xurídico do 3.09.15 e o informe de fiscalización, da mesma data, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica, do 3.09.15, conformado polo concelleiro delegado, que di o seguinte:

Con data 11/08/2015 publicouse no Boletín Oficial do Estado a orde HAP/170072015 de 3 de Agosto pola que se aproban as bases da convocatoria de 2015 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións relacionadas coa administración electrónica e de cidadáns en rede durante o período de intervención 2007-2013. No Artigo 3 da citada orde específica o ámbito de actuacións que abranguen os proxectos a financiar incluíndo "A creación de Servizos para o cidadán e as empresas, en especial os relacionados coa divulgación da firma electrónica, o pago ou a notificación electrónica". No Artigos 5,6 e 7 establece o ámbito xeográfico, a forma de execución e contía máxima do financiamento dos proxectos a presentar correspondendo o tipo de entidade local en Galicia un máximo do 80% do proxecto salvo que se produzan novos remanentes dos fondos FEDER. Como requisitos dos proxectos o Artigo 8, establece que estes deben:

- *Estar en funcionamento ou vaian a estalo antes da finalización do exercicio 2015*
- *O importe do mesmo fose superior os 60.000 € impostos non incluídos*
- *Promovan o concepto da sociedade da información e melloren a prestación dos servizos da Administración Pública mediante o uso mediante a axilización da tramitación administrativa.*

En resumo dita convocatoria promovese coa finalidade de subvencionar aqueles proxectos, dentro do ámbito da Tecnoloxía da Información, desenvolvidos polas institucións con financiamento propia no período 2007-2015 e que estean en funcionamento antes de finais do 2015. En esta administración vense desenvolvendo iniciativas por parte do Servizo de Administración Electrónica, en colaboración cos restantes servizos, dende o ano 2000, intensificando as mesmas no período 2007-2015 coa posta en marcha de unha sede virtual con servizos interactivos de cara ó cidadán como poden ser a "Carpeta Cidadá" ou a "Oficina Tributaria Virtual". O desenvolvemento de estes servizos non corresponden a iniciativas puntuais se non encádranse no marco de un plan director que ten como obxectivo contribuír a unha administración mais transparente, accesible e áxil. Tendo en conta que os obxectivos da orden HAP/170072015 de 3 de Agosto converxen coas liñas de traballo e que esta so busca axudar a financiar os proxectos xa executados e pagados, en tanto en canto non supón ningún custo para o Concello de Vigo estimase oportuno a presentación do proxecto de Oficina Tributaria Virtual e Carpeta do Cidadán, que está en funcionamento da nosa sede Electrónica, implicando todos aqueles contratos que se tramitaron, para o seu desenvolvemento no período 2007-2015.

Proposta

No artigo 9.6.c e artigo 9.6.d require o acordo de unha solicitude de axuda por parte do órgano competente así como o acordo ou resolución ó proxecto presentado.

A vista das anteriores circunstancias, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de competente, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Aprobación do proxecto "Oficina Tributaria Virtual e carpeta do cidadán" co descrito na memoria redactado polo Xefe de Administración Electrónica con data 03/09/2015 que tuvo un gasto total con cargo a fondos propios de 965.497,49 €*

2. *Solicitar a axuda regulada pola orde orde HAP/170072015 de 3 de Agosto pola que se aproban as bases da convocatoria de 2015 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións relacionadas coa administración electrónica e de cidadáns en rede por o 80% do importe do proxecto (772397,99 €)*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1038).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “TROFEO CONCELLO DE VIGO E CICLISMO-CAMPIONATO DE GALICIA CONTRA RELOXO POR EQUIPOS” O VINDEIRO 6 DE SETEMBRO DE 2015. EXPTE. 14311/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.09.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club RIA DE VIGO CIF (G36745107), solicitou o día 29-07-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150099537) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO-CAMPIONATO DE GALICIA CONTRA RELOXO POR EQUIPOS*
- *Data: 06 DE SETEMBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o domingo ás 10.00 con saída do auditorio Mar de Vigo, descorrera por Beiramar entre o número 5 ata Eduardo Cabello en Bouzas, completando tres voltas , rematando ás 13.00h

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante

manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club RIA DE VIGO CIF (G36745107) , a organizar o vindeiro domingo 6 de setembro de 2015 o TROFEO CONCELO DE VIGO DE CICLISMO-CAMPIONATO DE GALICIA CONTRA RELOXO POR EQUIPOS a proba terá a súa saída dende o Auditorio Mar de Vigo e descorrerá por Beiramar entre o número 5 ata Eduardo Cabello en Bouzas, completando tres voltas , rematando ás 13.00h .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1039).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS BIOSALUDABLES EN PZA. INDEPENDENCIA, CASTRELOS, ALAMEDA ANDRÉS GAOS, PIZARRO, BECERREIRA, MERCADO DE TEIS, AS RELFAS, MESTRE MONTES, BARRIO DAS FLORES, LAGARES, RÚA MONDARIZ, POLIDEPORTIVO DO BERBÉS, CORUXO/VAO E BEADE". EXPTE. 8262/446.

Visto o informe-xurídico do 2.09.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 1.09.15, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

Emprazamento/dirección: Praza da Independencia, Castrelos, Alameda Andrés Gaos, Pizarro, Becerreira, Mercado de Teis, As Relfas, Mestre Montes, Barrio das Flores, Lagares, Rúa Mondariz, Polideportivo do Berbés, Coruxo/Vao e Beade (Vigo)

Órgano de Contratación: CONCELO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. RAFAEL LAGE VEIGA

Dirección facultativa: D. IVÁN FERNÁNDEZ CARBALLEIRA

Contratista titular do plan: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. RAFAEL LAGE VEIGA

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: José Ramón Pedrosa Jiménez

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: Roberto Pérez Prol

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de

Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar o plan de Seguridade e Saúde para a “INSTALACIÓN DE ELEMENTOS BIOSALUDABLES EN PZA. INDEPENDENCIA, CASTRELOS, ALAMEDA ANDRÉS GAOS, PIZARRO, BECERREIRA, MERCADO DE TEIS, AS RELFAS, MESTRE MONTES, BARRIO DAS FLORES, LAGARES, RÚA MONDARIZ, POLIDEPORTIVO DO BERBÉS, CORUXO/VAO E BEADE (VIGO) ”.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓXICOS S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1040).- PLAN DE ACTUACIÓNS URXENTES OU DE EMERXENCIA OFERTADO POLA EMPRESA ALTHENIA S.L. PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 8264/446.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 3.09.15, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

“O Técnico que subscribe en cumprimento do artigo 17 das FEC da a súa conformidade ao plan de actuacións urxentes ou de emerxencia ofertado pola empresa Althenia S.L para a prestación do servizo de conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo.

O plan especificase no punto 7 da oferta presentada pola empresa no proceso de licitación e detallase a continuación.

A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

En cumprimento do artigo 17 das FEC aproba o plan de actuacións urxentes ou de emerxencia ofertado pola empresa Althenia S.L para a prestación do servizo de conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo.

O plan especificase no punto 7 da oferta presentada pola empresa no proceso de licitación e detállase a continuación:

APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS URXENTES OU DE EMERXENCIA OFERTADO POLA EMPRESA ALTHENIA S.L PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO (Expte.: 8264/446).”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1041).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA EXECUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DA RÚA ALVARO CUNQUEIRO, LOTE 1”. EXPTE. 3159/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.09.15, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.07.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

<i>Aprobación do proxecto básico e de execución</i>	<i>Expediente 3117/440, por acordo da XGL en sesión do 10/03/2015</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 13/03/2015</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 3159-440. Aprobado pola XGL en sesión do 10/04/2015. Importe de licitación de 114.884,61 €</i>
<i>Aplicación Orzamentaria</i>	<i>1532.619.00.06</i>
<i>Período de licitación</i>	<i>Do 10/04/2015 ata o 20/04/2015.</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 12/05/2015, Construcciones Fechi, S.L.U., por un prezo de 79.668,74 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>1 mes</i>
<i>Garantía:</i>	<i>12 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>13/05/2015</i>
<i>Dirección facultativa</i>	<i>A XGL do 12/05/2015, D. Agustín Rodríguez Carballo, enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, técnico municipal adscrito a Concellería de Fomento. Expediente: 3264-440</i>
<i>Coordinación de Seg e Sa.</i>	<i>A XGL do 12/05/2015, acordou o nomear ao Técnico da empresa Cíes Atlántico S.L.U, D. Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo. Expediente: 3264-440.</i>
<i>Plan de Seguridade e</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 14/05/2015, de acordo co</i>

Saúde	documento presentado pola mercantil Construccións Obras e Viais, S.A e de acordo co informe favorable de data 14/05/2015 asinados por D. Maximino García Sánchez, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 3272/440
Plan de Residuos	Se da conta a XGL en sesión do 14/05/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil Construcciones Fechi, S.L.U., e de acordo co informe favorable de data 14/05/15 asinado por D. Agustín Rodríguez Carballo, como director facultativo. Expte: 3272-440

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 1 mes.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 15/05/2015
Data de inicio das obras	15/05/2015
Data finalización obra	15/06/2015 (entro do prazo de execución)
Finalización prazo execución	15/06/2015

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
05/06/15	Certificación nº 1. (ive incluído):	50.091,42 €
10/07/15	Certificación nº 2 e final (ive incluído):	9.375,58 €
	TOTAL	59.467,00 €
	Presuposto de adxudicación (ive incluído):	79.668,74 €
	Saldo favorable á administración (ive incluído):	20.201,74 €

O saldo favorable á administración foi motivado fundamentalmente porque un amplo tramo da rúa Álvaro Cunqueiro foi pavimentado coas obras de humanización da rúa Camelias, previamente ao inicio das obras referenciadas neste expediente.

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 26 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSONAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da obra.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariales:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 24 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación as "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

b.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

c.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

d.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 15/05/2015, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 13/05/2015).

e.- Consta no expediente os seguintes documentos:

–Programa de seguridade e saúde, presentado pola empresa e conformado polo Coordinador de seguridade e saúde con data 14/05/2015. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 14/05/2015.

–Plan de residuos, presentado pola empresa e conformado polo director facultativo con data 14/05/2015. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 14/05/2015.

f.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

g.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva.

h.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

i.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas

subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que

consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 37 do PACP.

j.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das *CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN* definidas nas FEC respecto a cláusula 25 do PACP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizaron o 15 de xuño de 2015, dentro do prazo máximo establecido do 15/06/2015 e con data 2 de xullo asinase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto do "Reforzo da capa de rodadura da rúa Alvaro Cunqueiro, lote 1". No mesmo acto realizase a medición xeral da obra, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Recepción e Medición Xeral expedida por triplicado con data 2 de xullo e asinada por D. Agustín Rodríguez Carballo, na súa condición de Director Facultativo e de D. Raimundo Aballe Martínez, como representante do Contratista, o cal manifesta que debido ás irregularidades que presenta a capa de rodadura foi necesario proceder a unha regularización mediante o extendido de aglomerado na cantidade total de 120,27 Tn, comprometendose a presentar por escrito a dita incidencia, adxuntando os albaranes das pesadas realizadas. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

A devandita reclamación foi presentada polo adxudicatario con data 6 de xullo de 2015, aportando os albaranes correspondentes. Obra no expediente informe da dirección facultativa relativo á reclamación presentada aceptándose o importe de 4.525,94 €, cantidade contemplada no presuposto do proxecto para imprevistos.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 10 de xullo de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 12 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 02/07/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 01/07/2016. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 3159/440, correspondente do "Reforzo da capa de rodadura da rúa Alvaro Cunqueiro, lote 1", polo cal procede a proposta de aprobación da certificación final de obra de data 10 de xullo de 2015.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra, polo cal, e previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobar a CERTIFICACIÓN 2-FINAL de data 10 de xullo de 2015 correspondente a execución das obras do expediente 3159-440, correspondente o “Reforzo da capa de rodadura da rúa Alvaro Cunqueiro, lote 1”. A dita certificación recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	59.554,91 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	50.165,47 €
Total execución material da presente certificación	9.389,44 €
Gastos xerais (13%)	1.220,63 €
Beneficio industrial (6%)	563,37 €
Total:	11.173,44 €
IVE (21)%	2.346,42 €
Presuposto de execución por contrata	13.519,86 €
Baixa adxudicación (30,653252860%)	4.144,28 €
Presuposto líquido global contractual	9.374,58 €

Esta certificación será tramitada con cargo á aplicación orzamentaria 1532.619.00.06. Entre o importe adxudicado pola Xunta de Goberno Local, 79.668,74 €, e o importe total certificado polo adxudicatario, 59.467,00 €, hai unha diferenza de 20.201,74 €. Este saldo favorable á administración foi motivado fundamentalmente porque un amplo tramo da rúa Álvaro Cunqueiro foi pavimentado coas obras de humanización da rúa Camelias, previamente ao inicio das obras referenciadas neste expediente.

- 2.- Dar conta do inicio do prazo de garantía da obra “Reforzo da capa de rodadura da rúa Alvaro Cunqueiro, lote 1” , que de acordo co contrato asinado en data 13/05/2015 se corresponde con 12 meses, os cales terán efecto a partir da data de 02/07/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 01/07/2016. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

- 3.- Dar conta do presente acordo o Contratista para o seu coñecemento e tramitación da correspondente factura polo importe o seu favor resultante da certificación 2-final da obra aprobada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1042).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA EXECUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DA RÚA BUENOS AIRES, LOTE 2”. EXPTE. 3159/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.09.15, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 29.07.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

<i>Aprobación do proxecto básico e de execución</i>	<i>Expediente 3117/440, por acordo da XGL en sesión do 10/03/2015</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 13/03/2015</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 3115-440. Aprobado pola XGL en sesión do 10/04/2015. Importe de licitación de 120.106,90 €</i>
<i>Aplicación Orzamentaria</i>	<i>1532.619.00.06</i>
<i>Período de licitación</i>	<i>Do 10/04/2015 ata o 20/04/2015.</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 12/05/2015, Construcciones Fechi, S.L.U., por un prezo de 80.021.64 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>1 mes</i>
<i>Garantía:</i>	<i>12 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>13/05/2015</i>
